



## O Património natural, cultural e paisaxístico

<b>3.1. RECUPERACIÓN AMBIENTAL E ÁREAS ESTRATÉXICAS DE CONSERVACIÓN .....</b>	<b>256</b>
3.1.1. O medio natural como activo básico do territorio .....	256
3.1.2. Recuperación do medio natural e novos equilibrios ambientais .....	257
3.1.3. As Áreas estratéxicas de conservación e os Corredores ecolóxicos .....	259
<b>3.2. A REDE DE ÁREAS DE INTEPRETACIÓN DA NATUREZA E OS ITINERARIOS DE INTERESE PAISAXÍSTICO E AMBIENTAL .....</b>	<b>266</b>
3.2.1. Ocio e natureza .....	266
3.2.2. A rede de Áreas de interpretación da natureza .....	266
3.2.3. Os Itinerarios de interese paisaxístico e ambiental .....	267
<b>3.3. PAISAXE E TERRITORIO EN GALICIA .....</b>	<b>270</b>
3.3.1. O tratamento da paisaxe de Galicia .....	271
3.3.2. Xestión do cambio nas paisaxes rurais .....	274
3.3.3. Programas de paisaxe urbana .....	276
<b>3.4. O PATRIMONIO CULTURAL .....</b>	<b>281</b>
3.4.1. A valorarización dun territorio patrimonializado .....	281
3.4.2. Os Conxuntos históricos .....	283
3.4.3. Redes e rutas culturais .....	283
3.4.4. Os Camiños de Santiago .....	285

### 3.1. RECUPERACIÓN AMBIENTAL E ÁREAS ESTRATÉXICAS DE CONSERVACIÓN

#### 3.1.1. O medio natural como activo básico do territorio

Os recursos naturais e os espazos de interese ambiental son un dos activos diferenciais de Galicia e unha das claves para o desenvolvemento dalgunhas das áreas máis desfavorecidas da Comunidade.

Os recursos naturais realizan funcións moi importantes no Modelo territorial. Satisfán necesidades básicas, esenciais para a calidade de vida e para o desenvolvemento de moitas actividades produtivas, que son obxecto dunha crecente valoración. A calidade ambiental e a conservación dos sistemas naturais son demandas sociais que aumentan coa extensión da concienciación ambiental, así como coa suba dos niveis educativo e de renda, e van asociadas ás formas de vida e de organización social e económica máis innovadoras e con maior potencial futuro.

Ademais, a existencia de sistemas naturais ben conservados axuda a resolver eficazmente problemas con grande incidencia territorial, tales como a prevención de danos por inundacións, o aumento da dispoñibilidade de recursos hídricos, a conservación de solos, o mantemento de paisaxes atractivas ou o control de usos inadecuados no territorio.

Durante os próximos anos, o gran reto ambiental da nosa Comunidade vai ser a adaptación do medio natural a unha nova situación, creada pola modificación dos equilibrios preexistentes, como consecuencia do despoboamento interior e do abandono de espazos agrarios tradicionais. Esta tendencia apréciase xa na nova concepción das accións de transformación agraria, abandonando prácticas como a cava de zonas arborizadas ou a recuperación de brañais antes desecados para a súa posta en cultivo, e na necesidade de incentivar mediante axudas a reforestación de terras agrarias ou a extensificación dos cultivos.

Os obxectivos prioritarios e os criterios para as propostas e medidas que hai que desenvolver polos restantes instrumentos de ordenación do territorio,

que se formulan neste documento en relación co medio natural, pódense sintetizar como segue.

1. Favorecer o mantemento da integridade funcional dos sistemas naturais. Neste senso as propostas das DOT pularán por:
  - a. Fortalecer as funcións de conservación e desenvolvemento sostible das áreas protexidas (espazos protexidos pola normativa ou convenios de conservación da natureza internacional, comunitaria, nacional ou galega), establecendo medidas que contribúan a garantir o mantemento dun estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario e das especies de flora e fauna protexidas.
  - b. Promover a protección e valoración doutros posibles elementos, formacións ou espazos con valores de calquera tipo físico-natural (xeolóxico, morfolóxico, paleontolóxico, biolóxico, etc.), identificados nalgún outro catálogo ou normativa ou mesmo que poidan ser identificados a través da elaboración dos restantes instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo e presenten un interese supramunicipal ou local, de maneira complementaria ás áreas protexidas, e dende a perspectiva de achega de recursos de valor ao desenvolvemento sostible das áreas rurais.
2. Facilitar a conectividade ecolóxica entre as distintas áreas protexidas, así como dentro destas, e entre os restantes posibles espazos de interese, favorecendo a funcionalidade dunha rede de corredores ecolóxicos e adaptando con este fin as infraestruturas e estruturas que supoñen un efecto barreira.
3. A restauración dos espazos deteriorados e a prevención de impactos ambientais, incorporando criterios de integración ambiental ás actividades con incidencia no medio, incluíndo a integración visual e paisaxística dos asentamentos de poboación.
4. Promover a xeneralización de modelos de ordenación e xestión sostible do territorio, mediante:

- a. A incorporación dos plans e estratexias de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade ás iniciativas de protección do patrimonio cultural e de desenvolvemento socioeconómico como factor esencial para garantir a súa conservación e incentivar a súa mellora.
- b. O deseño de estratexias territoriais para a valorización das oportunidades do medio natural e para evitar situacións de presión sobre espazos e recursos fráxiles.
- c. A incorporación e promoción de reservas da biosfera á política territorial da comunidade.
- d. A xestión dos procesos de cambio nas actividades que se desenvolven no medio físico mediante a consolidación de usos de interese territorial. Débense producir cambios estruturais que garantan a viabilidade das actividades agropecuarias. Cando esta opción non sexa viable haberá que introducir usos substitutivos que eviten procesos de deterioración e asignen novas funcións ao territorio. Entre estas considéranse prioritarias as accións de reforestación tanto con criterios de uso múltiple, como a recuperación de hábitats de interese comunitario que se atopen alterados ou degradados por causas antrópicas.

### 3.1.2. Recuperación do medio natural e novos equilibrios ambientais

A paisaxe e as características ambientais e ecolóxicas do territorio non son un factor estático, senón un conxunto de trazos dinámicos que evolucionan en función dos usos e aproveitamentos dos recursos naturais demandados en cada momento polas actividades económicas e os comportamentos sociais, mesmo cambian lentamente segundo as variacións climáticas e morfoxenéticas. A redución na importancia territorial das actividades primarias nos próximos anos, que xa se deixa sentir, crea a necesidade de actuar para definir unha nova estrutura de usos no medio físico. O abandono de terras en moitos ámbitos de Galicia, especialmente en áreas de montaña pouco produtivas, é unha oportunidade para ampliar a dispoñibilidade de recursos naturais, aumentando a diversidade e a riqueza ecolóxica do territorio. Este proceso non se vai dar necesariamente de forma espontánea. Ao desaparecer as actividades que manteñen o equilibrio actual, unha tendencia posible é a aparición de procesos de deterioración. A súa prevención precisa de

accións efectivas de control e de restauración, adaptadas ás características de cada zona do territorio.

A recuperación dos hábitats naturais, e especialmente daqueles considerados como de interese comunitario (sistemas dunares, corredores fluviais, zonas húmidas, bosques), así como o incremento da superficie arborizada con fins produtivos e de conservación, aparece como unha das opcións na ordenación dos recursos naturais da Comunidade. O aumento da superficie arborizada debe concibirse como unha iniciativa con múltiples obxectivos que proporcionen novas posibilidades para o medio natural e para os espazos rurais. A restauración dos hábitats naturais e a reforestación permite dotar amplas extensións do territorio dun uso permanente con custos de mantemento decrecentes ao longo do tempo. É unha acción propia para espazos nos que o abandono dos usos tradicionais formula riscos de deterioración, dificultades de xestión e implica perda de oportunidades de desenvolvemento, o que propicia a aparición de usos incontrolados e ambientalmente incompatibles.

As accións de extensión da superficie forestal teñen que enfocarse con criterios de diversidade de oportunidades en función das características de cada espazo, e con frecuencia é posible alcanzar varios obxectivos de forma simultánea.

Moitas iniciativas de reforestación poden dirixirse a aumentar a superficie arborizada susceptible de ter un aproveitamento silvícola como base para unha actividade produtiva con gran potencial económico a medio e longo prazo. Tamén deben ter cabida accións forestais que permitan o incremento da extensión dos hábitats de interese comunitario de estrutura arbórea (carballeiras, soutos, bosques de ribeira), aumentando a biodiversidade, a calidade do medio natural de Galicia e as oportunidades de desenvolvemento das comunidades rurais. A recuperación dos corredores fluviais e das zonas húmidas constitúe un ámbito prioritario para este tipo de iniciativas.

A regulación hidrolóxica, o aumento da infiltración de auga e o control de enchentes son funcións das zonas húmidas e das masas forestais que deben ser contempladas en calquera caso e desenvolvidas de forma específica polos plans hidrolóxicos. Neste sentido o cambio dos usos do solo pode afectar



*Panorámica do Invernadeiro desde o Concello da Mezquita*

incrementando os efectos negativos das inundacións. De feito, unha das medidas de cara a loitar contra os efectos das inundacións é a corrección hidrolóxico-forestal e a ordenación do territorio, aspectos que serán desenvolvidos de forma específica no Plan hidrolóxico e no Plan de xestión de inundacións.

A redución dos procesos erosivos é un obxectivo prioritario das accións de reforestación, o que permite a conservación de solos, que son un factor necesario para o mantemento do potencial de uso en moitas zonas de gran fraxilidade. As abas das montañas do sur e o sueste da Comunidade constitúen zonas de alta vulnerabilidade ante os procesos erosivos e en consecuencia as repoboacións protectoras deben ter atención especial. Nestas repoboacións adquiren especial importancia a creación e consolidación de bosques autóctonos, diante dos compostos por especies exóticas de repoboación, debido a que estes desenvolven un sotobosque máis rico e que contribúe de maneira importante a dita regulación.

O valor diferencial a favor dos bosques caducifolios vai máis alá do anotado anteriormente, constituíndo formacións arbóreas con menor índice de combustibilidade, o que favorece que diminúa o risco de propagación de incendios forestais.

A recuperación das zonas húmidas interiores e a mellora da calidade das augas, tanto nos cursos baixos dos ríos como nos esteiros e rías, son outras iniciativas prioritarias para preservar e potenciar ámbitos sensibles de alto valor ecolóxico que teñen especial interese no noso territorio.

Neste sentido, serán básicas as liñas que se establezan na planificación hidrolóxica de cara a manter a calidade do recurso, tendo en conta as necesidades de depuración para a consecución do bo estado das masas, realizando un maior control dos vertidos e establecendo as liñas de economización

e racionalización do uso, como o establecemento de dotacións máximas permitidas para abastecemento, que permitan satisfacer as demandas actuais e garantir o desenvolvemento futuro.

En concreto, para reforzar a dispoñibilidade do recurso en cantidade e calidade, dentro do rexistro de áreas protexidas incluíranse as zonas nas que se realiza unha captación de auga de consumo humano, segundo os criterios establecidos na Directiva marco da auga. Tamén se incluírán as reservas naturais fluviais, que se concretarán nos Plans hidrolóxicos de conca.

Tamén no pasado desenvolvéronse frecuentes accións de aterramento e ocupación de marismas que teñen reducido sensiblemente a súa extensión en varias rías. O recoñecemento da súa importancia ecolóxica xunto ao seu importante papel en relación ao ciclo de vida de especies de interese comercial ten freado a tendencia. Non obstante, a alteración e o cerramento construtivo das extensións de marismas existentes, xunto á previsible acción negativa do cambio climático, obriga a dispoñer medidas que permitan a adaptación destas aos cambios no nivel do mar e a súa subsistencia.

O mesmo cambio climático estase evidenciando no aumento da mediterraneidade na zona costeira, mentres que o interior aparenta ser máis estable. Baseándose nas proxeccións dos estudos realizados no marco do proxecto CLIGAL, considérase altamente probable un cambio de paisaxe na franxa costeira e na zona suroriental, onde as especies de tipo loureiro e mediterráneas poderán estenderse cara ao interior. Asociado a iso, pode producirse unha contracción da área de presenza do carballo, mentres que o cerquiño podería expandirse. Tamén os incendios poderán facerse máis rápidos e intensos no futuro. Este patrón contribuiría ao aumento da emisión de gases de efecto invernadoiro. Ademais, os lumes poderán consumir máis materia orgánica do solo, agravándose as consecuencias negativas sobre a recuperación da vexetación e os efectos erosivos e hidrolóxicos. Consecuentemente, todos os instrumentos de ordenación territorial e urbanísticos, así como os instrumentos de planificación dos espazos naturais protexidos segundo a lexislación de conservación do patrimonio natural, deberán tomar medidas de prevención, corrección, mitigación e

adaptación ás consecuencias de alta probabilidade do cambio climático, considerando así mesmo as de media certeza, atendendo ás previsións e estudos realizados polos organismos e institucións con competencia na materia, sen menosprezo das directrices e orientacións que se establezan no Programa marco galego fronte ao cambio climático 2010-2020.

### 3.1.3. As Áreas estratéxicas de conservación e os Corredores ecolóxicos

En Galicia, os espazos naturais protexidos están representados por 1 Parque nacional, 7 Parques naturais, 7 Monumentos naturais, 5 Zonas húmidas protexidas, 2 Paisaxes protexidas, 76 Zonas de especial protección dos valores naturais, 4 Espazos naturais de interese local e 1 Espazo privado de interese natural. O incremento experimentado polos espazos naturais na última década vén determinado pola designación dos Espazos protexidos da Rede Natura 2000, que en Galicia están representados por 59 LIC cunha superficie total de 374.441 ha e 16 ZEPA cunha superficie total de 101.028 ha parcialmente superpostas ás anteriores, e pola constitución do Parque nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia en 2002. Finalmente, no ámbito territorial galego, atópanse distintas Áreas protexidas por Instrumentos internacionais, que se corresponden con 5 zonas húmidas incluídas na lista das de importancia internacional do Convenio de Ramsar, que representan 7.697 ha, unha área mariña protexida vinculada ao Convenio de Oskar, e 5 Reservas da biosfera do Programa Persoa&Biosfera da Unesco, que inclúen unha superficie de 609.075 ha. O réxime xurídico das distintas áreas protexidas vén establecido pola Lei 42/2007 do Patrimonio natural e da biodiversidade e pola Lei 9/2001 de Conservación da natureza.

As Áreas estratéxicas de conservación (AEC) que se propoñen neste documento como enclaves de especial valor ecolóxico deben constituír a referencia na percepción de Galicia como un ámbito cuxo excepcional valor natural singulariza a oferta territorial da Comunidade. Corresponden ás áreas protexidas incluídas nalgunha das figuras de espazos naturais e áreas protexidas establecidas pola normativa estatal (Lei 42/2007) e autonómica (Lei 9/2001), de conservación da biodiversidade e do patrimonio natural.



*Río Miño. Concellos de Pantón e Chantada*

A elaboración dos instrumentos de ordenación das áreas protexidas que así o requiren, dos plans de conservación e xestión dos hábitats e das especies ameazadas, así como dos plans de uso público, ou para o fomento da investigación, son tarefas fundamentais para o establecemento de ferramentas e instrumentos que materialicen os obxectivos de conservación dos sistemas naturais.






Co obxectivo de constituír unha densa rede de áreas con valores ecolóxicos a calquera escala, amais destas áreas protexidas polos órganos competentes en materia de conservación da natureza, que gozan dun interese, como mínimo, autonómico, considérase necesario fomentar a identificación e protección doutras posibles áreas que poidan presentar valores de calquera tipo, físico ou natural, interese local ou supramunicipal. Estas áreas complementarían a funcionalidade das xa protexidas valorizando todo o territorio. Para este tipo de áreas complementarias, o planeamento territorial e urbanístico deberá realizar unha análise que permita a súa identificación e consideración coa finalidade de protexer, xestionar e valorizar. Neste senso existen fontes, normativas ou catálogos, como os que figuran no Anexo III, que deben constituír un punto de partida subsidiario, ata que os correspondentes instrumentos


de ordenación do territorio e urbanismo os poidan concretar coa precisión adecuada á súa escala de aproximación ao territorio. Igualmente, os concellos poden xogar un importante papel na promoción e fortalecemento da rede galega de espazos naturais protexidos, base das áreas estratéxicas de conservación, e na defensa dos intereses locais, a través da promoción da declaración como Espazos Naturais de Interese Local daqueles ámbitos naturais máis destacados do seu territorio.

Entre os valores que se deben protexer destacan os relativos á xeomorfodiversidade, é dicir, ao patrimonio xeolóxico e xeomorfolóxico propio da nosa Comunidade, recoñecida a súa importancia como sustento físico da biodiversidade e complemento indisoluble dela, e polos innegables valores informativos e educativos sobre a historia xeolóxica e climática rexional, referencias obrigatorias para afrontar os retos de planificación territorial que os futuros cambios ambientais e climáticos leven parellos.

Asemade, para favorecer a integridade e funcionalidade dos sistemas naturais do territorio, a ordenación e xestión das Áreas estratéxicas de conservación debe concibirse dentro do marco máis amplo do modelo terri-

Rede galega de espazos naturais protexidos.  
Lei 9/2001 de Conservación da Natureza.


parques naturais		
Baixa Limia-Serra do Xurés	1	Costa da Morte
Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán	2	Costa da Morte (Norte)
Fragas do Eume	3	Costa da Vela
Illas Cíes	4	Costa de Dexo
Monte Aloia	5	Costa de Ferrolterra-Valdoviño
O Invernadoiro	6	Cruzul-Aqüeira
Serra da Enciña da Lastra	7	Encoro de Abegondo Cecebre
		Enseada de San Simón
parques nacionais		Estaca de Bares
Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia	8	Esteiro do Miño
		Esteiro do Tambre
monumentos naturais		Fragas do Eume
A Carballa da Rocha	9	Gándaras de Budiño
A praia das Catedrais	10	Illa de Ons
Costa de Dexo	11	Illas Cíes
Fraga de Catasós	12	Illas Cíes
Serra de Pena Corneira	13	Illas Estelas
Souto de Retorta	14	Macizo Central
Souto da Rozavales	15	Miño-Neira
		Monte Aloia
humidais protexidos		Monte e Lagoa de Louro
Complexo das praias lagoa e duna de Corrubedo	16	Monte Faro
Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, punta Carreirón e Lagoa Bodeira	17	Monte Maior
Lagoa e areal de Valdoviño	18	Negueira
Ría de Ortigueira e Ladrido	19	Ortigueira-Mera
Ría de Ribadeo	20	Os Ancares-O Courel
		Parga-Ladra-Támoga
paisaxes protexidas		Pena Maseira
Val do río Navea	21	Pena Trevinca
Penedos de Pasarela e Traba	22	Pena Trevinca
		Pena Veidosa
ZEPVN (zonas de especial protección dos valores naturais)		Ría de Foz
A Limia	23	Ría de Foz-Masma
A Marronda	24	Ría de Ortigueira e Ladrido
A Ramallosa	25	Ribadeo
Ancares	26	Río Anllóns
As Catedrais	27	Río Cabe
Baixa Limia	28	Río Eo
Baixa Limia-Serra do Xurés	29	Río Landro
Baixo Miño	30	Río Lérez
Betanzos-Mandeo	31	Río Ouro
Bidueiral de Montederramo	32	Río Tambre
Brañas de Xestoso	33	Río Tamega
Cabo Udra	34	Río Tea
Canón do Sil	35	Serra da Enciña da Lastra
Carballido	36	Serra da Enciña da Lastra
Carnota-Monte Pindo	37	Serra do Candán
Complexo Húmido de Corrubedo	38	Serra do Cando
Complexo Intermareal Umia-O Grove	39	Serra do Careón
Complexo Litoral de Corrubedo	40	Serra do Xistral
Complexo Ons-O Grove	41	Sistema Fluvial Ulla-Deza
Costa Artabra	42	Sobreirais do Arnego
Costa da Mariña Occidental	43	Veiga de Ponteliñares
Costa da Mariña Occidental	44	Xubia-Castro
		45
		46
		47
		48
		49
		50
		51
		52
		53
		54
		55
		56
		57
		58
		59
		60
		61
		62
		63
		64
		65
		66
		67
		68
		69
		70
		71
		72
		73
		74
		75
		76
		77
		78
		79
		80
		81
		82
		83
		84
		85
		86
		87
		88
		89
		90
		91
		92
		93
		94
		95
		96
		97
		98
		99
		100
		101
		102
		103





torial. Amais de formular as súas propostas dende unha perspectiva que permita manter a integridade destes ámbitos e dos factores que xustifican a súa protección, é preciso prever mecanismos de conectividade ecolóxica do territorio, establecendo ou restablecendo corredores ecolóxicos. Para a identificación destes corredores, tal e como recolle a Lei 42/2007, resulta indispensable considerar o papel dos cursos fluviais, as áreas de montaña e outros posibles elementos lineais que sos ou en conxunción con outros poidan actuar de elementos de enlace entre formacións de interese ecolóxico. Respecto ao primeiro caso, debe permitirse e fomentar a recuperación e conservación dos espazos fluviais e os seus contornos co obxectivo de mellorar a funcionalidade ambiental, hidráulica e morfodinámica e contribuír á consecución dos obxectivos ambientais marcados polas directivas europeas nas masas de auga de Galicia. Por todo o anterior, resulta necesario o coñecemento e planificación da conectividade ecolóxica en Galicia e sectores colindantes, incluíndo a definición dos corredores de comunicación das especies obxecto de xestión.

En aplicación da estratexia e normativa comunitaria sobre conservación dos hábitats naturais e dos hábitats de especies, a Xunta de Galicia emprendeu un plan destinado á conservación da rede Natura 2000 que contempla catro liñas de execución. A primeira implica a ampliación da rede Natura 2000 designando novos lugares e ampliando algúns dos existentes, de cara a fortalecer a conservación de hábitats e especies. A segunda céntrase na planificación, pola que o Plan Director da rede Natura 2000 conformará a ferramenta principal de xestión deste conxunto de áreas que se manexarán seguindo os conceptos de conservación e desenvolvemento sostible. A terceira implica, atendendo ao procedemento fixado pola Directiva 92/43/CEE relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, a designación dos Lugares de interese comunitario (LIC) como Zonas de especial conservación (ZEC). Por último, a cuarta liña supón a execución dun programa de inversións de cara a materializar a xestión e dotar as ZEC dos medios e recursos necesarios para manter os hábitats e as especies e os demais elementos que compoñen a biodiversidade nun estado de conservación favorable



*Fraga de Catasós. Concello de Lalín. Monumento natural.*


A identificación dun sistema de Áreas de interpretación da natureza, abordado na seguinte epígrafe deste documento, fórmulase así como unha ampliación das zonas do territorio que permiten satisfacer as demandas de ocio, de contacto coa natureza e de educación ambiental, reducindo a presión sobre os espazos máis fráxiles. A consolidación de núcleos de poboación con capacidade para acoller servizos, equipamentos e actividades asociados aos espazos protexidos, evitando a afección ás zonas naturais, a promoción das actividades tradicionais, a potenciación de marcas de calidade, ou a mellora da oferta turística son outras iniciativas territoriais.


Igualmente, para as zonas interiores, os Parques naturais, as Reservas da biosfera e outras figuras de protección da natureza deberían ser elementos clave para impulsar estratexias de codesenvolvemento en zonas rurais fráxiles. A declaración dun ámbito de alto interese como espazo natural protexido ou área protexida por algún instrumento internacional outorga un distintivo de calidade e de recoñecemento, que facilita a aparición de formas de turismo compatible ou o xurdimento de denominacións de orixe e de “imaxe de marca” para producións tradicionais.

## Rede natura 2000

Os espazos da Rede natura 2000 forman parte da Red gallega de espazos protegidos baixo a figura de ZEPVN.

Lugar de interese comunitario		Ría de Foz-Masma	41
A Marronda	1	Río Anllóns	42
A Ramallosa	2	Río Cabe	43
Ancares-Courel	3	Río Eo	44
As Catedrais	4	Río Landro	45
Baixa Limia	5	Río Lérez	46
Baixo Miño	6	Río Ouro	47
Betanzos-Mandeo	7	Río Tambre	48
Bidueiral de Montederramo	8	Río Tâmega	49
Brañas de Xestoso	9	Río Tea	50
Cabo Udra	10	Serra da Enciña da Lastra	51
Canón do Sil	11	Serra do Candán	52
Carballido	12	Serra do Cando	53
Carnota-Monte Pindo	13	Serra do Careón	54
Complexo Húmido de Corrubedo	14	Serra do Xistral	55
Complexo Ons-O Grove	15	Sistema Fluvial Ulla-Deza	56
Costa Ártabra	16	Sobreiraís do Arago	57
Costa da Mariña Occidental	17	Veiga de Ponteliñares	58
Costa da Morte	18	Xubia-Castro	59
Costa da Vela	19		
Costa de Dexo	20		
Cruzul-Agüeira	21		
Encoro de Abegondo-Cecebre	22		
Enseada de San Simón	23	Zona de especial protección de aves	
Estaca de Bares	24	A Limia	60
Esteiro do Tambre	25	Ancares	61
Fragas do Eume	26	Baixa Limia- Serra do Xurés	62
Gándaras de Budiño	27	Complexo Intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, punta Carreirón e Lagoa Bodeira	63
Illas Cíes	28	Complexo Litoral de Corrubedo	64
Illas Estelas	29	Costa da Mariña Occidental	65
Macizo Central	30	Costa da Morte (Norte)	66
Monte Aloia	31	Costa de Ferrolterra- Valdoviño	67
Monte e Lagoa de Louro	32	Esteiro do Miño	68
Monte Faro	33	Ilha de Ons	69
Monte Maior	34	Illas Cíes	70
Negueira	35	Pena Trevinca	71
Ortigueira-Mera	36	Ría de Foz	72
Parga-Ladra-Támoga	37	Ría de Ortigueira e Ladrado	73
Pena Maseira	38	Ribadeo	74
Pena Trevinca	39	Serra da Enciña da Lastra	75
Pena Vaidosa	40		





Áreas protexidas de ámbito internacional

- Reserva da Biosfera
- Zonas RAMSAR
- Zonas OSPAR





*Sistema dunar de Corrubedo*

## 3.2. A REDE DE ÁREAS DE INTEPRETACIÓN DA NATUREZA E OS ITINERARIOS DE INTERESE PAISAXÍSTICO E AMBIENTAL

### 3.2.1. Ocio e natureza

O medio natural de Galicia conta con elementos valiosos e atractivos que, polas súas propias características, son tamén fráxiles. Isto significa que un aumento das actividades recreativas en contacto coa natureza (sendeirismo, acampada, práctica de deportes, turismo verde, etc.) sen a ordenación axeitada pode aumentar a presión sobre os recursos naturais, poñendo en perigo a conservación dos espazos afectados e limitando as posibilidades de incorporar estes valiosos activos naturais a unha estratexia de sostibilidade baseada na recualificación e diversificación do territorio.

Problemas como os incendios forestais, a deterioración de hábitats de interese ecolóxico, impactos paisaxísticos, acumulación de residuos, a degradación do solo polo paso de persoas e a práctica indiscriminada de deportes con vehículos a motor son impactos típicos das zonas de alta densidade turística nas que as relacións entre poboación e natureza se atopan sen resolver axeitadamente. Con frecuencia esta presión afecta de forma particularmente intensa ás áreas dotadas de maior beleza e espectacularidade, que son tamén as máis sensibles.

Existen moitos elementos e espazos na Comunidade susceptibles dun aproveitamento recreativo axeitadamente ordenado que son escasamente utilizados na actualidade, pero con grandes potencialidades de futuro. Son áreas como praias, espazos forestais, zonas de montaña, encoros, áreas con abundantes recursos cinexéticos e piscícolas, espazos libres con capacidade para desenvolver actividades recreativas e deportivas, etc. Asemade, cómpre engadir a potencialidade destes espazos para a educación ambiental, posto que o coñecemento e comprensión dos valores naturais, e culturais e paisaxísticos en xeral, é algo necesario e compatible co aproveitamento de lecer, e o paso previo para a implicación da cidadanía na súa conservación. Para aproveitar estas oportunidades é preciso desenvolver infraestruturas, deseñar sistemas de relación e vinculación cos núcleos da contorna e evitar problemas de deterioración, ocupación ilegal e usos incontrolados.

### 3.2.2. A rede de Áreas de interpretación da natureza

Suxírese desenvolver unha rede de Áreas de interpretación da natureza formada por espazos caracterizados pola súa calidade ambiental e o seu atractivo natural, destinados a canalizar as demandas de ocio en contacto co medio físico e a ser un recurso de educación ambiental promovendo a comprensión e coñecemento dos valores presentes. Esta rede constitúe ademais un elemento para activar a oferta turística de Galicia e un factor xeral de atractivo territorial, cada vez máis importante nas iniciativas de diversificación económica e para a atracción de determinadas actividades produtivas.

As Áreas de interpretación da natureza son espazos cuxos trazos naturais fan atractivo o seu uso como zonas de ocio de forma compatible coa conservación dos seus valores ambientais. Desempeñan un conxunto de funcións que, en coherencia co Modelo territorial, cumpriran diversos obxectivos:

- Aproveitar os espazos e áreas naturais como recursos didácticos de educación ambiental, que contribúan ás funcións de sensibilización da cidadanía para a comprensión dos seus valores.
- Crear as condicións para que o uso de áreas con atractivo natural non implique a aparición de procesos de deterioración, canalizando as demandas en función da capacidade de carga de cada espazo e incorporando as infraestruturas e servizos necesarios para o mantemento do potencial de atracción destas zonas. Canalizar esta demanda evita o uso descontrolado doutros espazos non habilitados, freando a conseguinte deterioración ambiental e o aumento dos riscos, como pode ser o de incendios.
- Contribuír ás iniciativas de potenciación da oferta turística de Galicia, apoiando as estratexias de aumento do atractivo das zonas litorais e urbanas e creando unha infraestrutura ambiental que dea soporte ás iniciativas de desenvolvemento do turismo rural.
- Facilitar unha permeabilidade do territorio ambientalmente compatible, que permita o aproveitamento colectivo. Xorden así novas posibilidades de acceder ao territorio, contribuíndo á comprensión dos seus valores, valorizándoo e xerando oportunidades de actividade nas zonas rurais.

O criterio básico en relación coas Áreas de interpretación da natureza é a definición dunha rede distribuída por todo o territorio de Galicia, apoiada no aproveitamento de oportunidades específicas e nas posibilidades de uso do medio, concibida de forma coherente e moi interrelacionada coas restantes propostas do Modelo territorial relativas á recualificación do litoral, o aumento do atractivo urbano das principais cidades e o aproveitamento das oportunidades singulares dos espazos rurais, fomentando a súa compresión e entendemento para a súa valorización. Só deste modo é posible lograr as sinerxías e dimensións necesarias para constituír unha oferta diferenciada, coa suficiente entidade para actuar como un elemento eficaz de desenvolvemento rexional.

Considérase de interese que estas Áreas de interpretación da natureza propicien un uso múltiple do territorio, que permita satisfacer de forma compatible diversas actividades e demandas contribuíndo decisivamente ao seu atractivo. Os elementos que poden constituír esta rede poden e deben ser moi diversos, cun gradiente dende a tranquilidade e naturalidade ata as áreas de uso máis intenso, debendo incluír aqueles espazos ou áreas con recursos de educación ambiental. En calquera caso, a intensidade de uso das Áreas de interpretación da natureza debe sempre formularse por debaixo da súa capacidade de carga, evitando deterioracións sobre os recursos naturais e culturais e creando os sistemas de xestión que permitan garantir un uso sostible destes espazos.

### 3.2.3. Os Itinerarios de interese paisaxístico e ambiental

A conexión das Áreas de interpretación da natureza, e de posibles elementos valiosos do patrimonio natural, cultural e paisaxístico de Galicia mediante unha rede de Itinerarios de interese paisaxístico e ambiental permite completar un sistema integrado de elementos de grande interese, a través dos cales gozar dos activos singulares do territorio, e conseguir revalorizar estes recursos para o desenvolvemento da Comunidade Autónoma, á vez que poden contribuír á conectividade funcional do territorio e, dependendo das súas condicións, tamén ecolóxica.

A rede de Itinerarios de interese paisaxístico e ambiental apóiase fundamentalmente nos numerosos espazos rurais de Galicia, nos abundantes



*Baixa Limia-Serra do Xurés. Lugar de interese comunitaria*

tramos de antigos camiños reais, camiños de ferradura, corredeiras, así como nos Camiños de Santiago, xunto coas vías para uso público habilitadas polas entidades locais, e nos itinerarios contemplados e xestionados dende os espazos naturais protexidos, e a ela poden incorporarse outros elementos lineais de carácter brando e interese ambiental que vertebran o territorio, permitindo o establecemento dunha malla verde, que dá continuidade aos diferentes espazos e elementos de interese existentes no territorio.

Cómpre aclarar que a concepción como itinerarios e percorridos para estes Itinerarios de interese paisaxístico e ambiental aconsella que non se inclúan entre a maior parte dos tramos dos cursos fluviais, posto que neles é conveniente priorizar a súa conectividade ecolóxica, fronte ás súas posibilidades como outro tipo de corredor. Isto non é incompatible co feito de que poidan producirse puntos de intersección ou coincidencia entre os corredores-itinerarios e os corredores ecolóxicos, sempre que se definan as condicións de uso adecuadas para o mantemento e conservación dos seus valores e da súa funcionalidade.



*Camiño de Santiago. Camiño francés ao seu paso polo concello do Pino*

Esta estratexia debe incorporar accións de adecuación de itinerarios, catalogando e acoutando os percorridos, e dotándoos dunha protección efectiva desde o planeamento territorial e urbanístico, que evite usos e modos de transporte incompatibles. Noutros casos é esencial a protección e mellora da calidade ambiental do seu ámbito. Os itinerarios da rede de Itinerarios de interese paisaxístico e ambiental deben incorporar os necesarios servizos de mantemento e elementos de acollida e atención aos usuarios para o que deberían empregarse preferentemente edificacións tradicionais xa existentes.

Suxírese que estes percorridos sexan susceptibles, na maioría dos tramos, e especialmente fóra das áreas protexidas, de usos múltiples, tales como constituír itinerarios para cicloturismo ou sendeirismo, para práctica de turismo ecuestre, etc., dependendo das características de cada un dos trazados seleccionados.

As Áreas de interpretación da natureza e a rede de Itinerarios de interese paisaxístico e ambiental poden ser instrumentos idóneos para a implantación de iniciativas de desenvolvemento endógeno en zonas rurais, propiciando o

acceso ao territorio da poboación da Comunidade e de visitantes e turistas foráneos mediante fórmulas que combinen o gozo do territorio e a súa conservación e compresión nunha estratexia de desenvolvemento turístico sostible.

Suxírese asociar os distintos ámbitos de interese recreativo no medio físico con núcleos de poboación que acollan unha oferta de servizos e equipamentos suficientemente atractiva.

A existencia dunha oferta complementaria de interese, cos servizos, comercios e espazos urbanos necesarios, atrae cara a eles unha boa parte da actividade turística e permite a obtención de rendas, evitando que os visitantes se limiten a premer sobre uns recursos fráxiles sen apenas xerar ingresos.

As Áreas de interpretación da natureza e os percorridos e os núcleos de poboación asociados a elas deben concibirse como un único ámbito de actividade e de xestión. Trátase de xerar unha oferta de ocio que, en cada zona, incorpore unha gran variedade de posibilidades, de forma que as distintas potencialidades se revaloricen entre si ao ofrecerse de xeito simultáneo e coordinado integrando ámbitos de ocio, atractivos naturais, culturais e paisaxísticos, oferta de aloxamentos, actividades recreativas e deportivas, equipamentos e oferta complementaria, centros de interpretación e difusión, elementos do patrimonio, etc. Con estas iniciativas preténdese conseguir un espazo interrelacionado, no que as diferentes iniciativas se apoian mutuamente e no que os percorridos actúan como elementos de conexión que dotan o espazo de unidade, comunicando entre si os diferentes puntos de interese existentes. Pódese xerar así un espazo multipolar organizado mediante numerosos fitos de interese asociados a núcleos, edificacións, monumentos, Áreas de interpretación da natureza e espazos naturais ou construídos de especial significado, que se conectan mediante unha rede de percorridos concibidos con fins recreativos, ambientais e educativos. Entre os espazos culturais chamados a constituír fitos dos itinerarios de interese paisaxístico e ambiental debemos incluír aqueles nos que se desenvolven actividades agrarias tradicionais ou conservan paisaxes agrarias tradicionais.



*Río Miño. Concellos de Carballedo e Pantón*



### 3.3. PAISAXE E TERRITORIO EN GALICIA

As paisaxes galegas son o froito inacabado da interrelación de factores moi diversos; naturais uns, caso das formas do terreo, dos solos, da vexetación ou da maior ou menor abundancia de auga; de orixe antrópica e cultural outros, caso dos cultivos, das vías de comunicación, dos espazos de ocio, das construcións residenciais, etc. A complexa dinámica que se establece entre eles xera un rico mosaico de paisaxes que se encadean no territorio por medio de diversas transicións.

A paisaxe, proporciona o marco idóneo na súa concepción holística para abordar a comprensión e a análise do territorio, das políticas de desenvolvemento sostible necesarias e dos procesos ecolóxicos, socio-económicos e culturais que nel acontecen.

A paisaxe é tamén un produto social, é o reflexo do aprecio e o coidado dun territorio por parte dos que o habitan, e un elemento condicionante das actividades que nel se desenvolven e da forma en que estas se levan a cabo. Unha paisaxe coidada e atractiva incentiva comportamentos integrados e de respecto polo ámbito, mentres que un espazo visualmente deteriorado induce actitudes agresivas e pouco respectuosas, e desanima a realización de actuacións de calidade.

En Galicia existen paisaxes naturais de enorme atractivo, tanto nas áreas costeiras coma no interior. O ámbito paisaxístico de moitas das nosas cidades máis importantes constitúe, sen dúbida, un dos seus activos urbanos máis valiosos. Existe ademais unha rede de núcleos tradicionais cunha imaxe excepcional e un patrimonio paisaxístico, ligado ás actividades agrarias, que constitúe un dos sinais de identidade e imaxe máis importantes do noso territorio.

Non obstante hai ámbitos moi antropizados, nos que a desorde que inducen a urbanización difusa e a contaminación visual provocaron un importante cambio paisaxístico. Esta perda de calidade afecta especialmente ás periferias urbanas, ás zonas costeiras de maior densidade demográfica e ao ámbi-

to das principais vías de comunicación, onde é máis visible a deterioración e maior é o seu impacto sobre a percepción do territorio. Como principais destinos turísticos do noso territorio funcionan como carta de presentación, así que a súa degradación inflúe negativamente na percepción dos visitantes, e mesmo degrada a nosa Comunidade como referencia de calidade paisaxística. O declive da agricultura crea oportunidades de restauración pero tamén ameaza a subsistencia de moitas paisaxes tradicionais e propicia unha invasión de novos usos non sempre axeitadamente integrados.

No proceso de participación institucional a maioría dos concellos de Galicia consideran que a súa paisaxe constitúe o principal activo do que dispoñen para o seu desenvolvemento turístico e tanto os municipios como os grupos sociais e as institucións galegas coinciden en que a paisaxe da Comunidade é un dos factores de calidade que diferencian o noso territorio e lle proporcionan oportunidades de desenvolvemento futuro. Non obstante existe tamén unha coincidencia xeneralizada en que existen numerosos elementos que están a deteriorar rapidamente a nosa paisaxe, principalmente os procesos de urbanización difusa, os novos desenvolvementos urbanísticos e as actividades extractivas.

Nos últimos anos a revalorización da paisaxe, entendida como un recurso que require dunha axeitada protección, ordenación e xestión, derivou no seu recoñecemento xurídico. O Convenio europeo da paisaxe, que entrou en vigor en marzo de 2004, é a materialización dese cobizoso obxectivo. Nel a paisaxe definiuse como “calquera anaco do territorio tal e como é percibida polas poboacións e que o seu carácter resulta da acción de factores naturais ou humanos e das súas interrelacións”. Cómpre destacar que esta protección xurídica abrangue a totalidade das paisaxes, as máis excelsas e as máis degradadas, e reclama para estas últimas a posta en marcha das necesarias medidas de recuperación.

Galicia, en xuño de 2008, aprobou a Lei de protección da paisaxe que recolle as directrices e recomendacións emanadas do antedito Convenio, e en maio de 2010 entrou a formar parte da Rede europea de entidades rexionais e lo-

*Encoro de Portas*

cais para a implantación de dito convenio. Trátase de preservar a identidade dos elementos valiosos e singulares que resultan críticos na percepción do espazo rexional e de valorizar os recursos paisaxísticos da Comunidade como elemento clave do atractivo do territorio e do aprecio dos cidadáns pola súa contorna. Na lei defínense os instrumentos dos que se dotará a administración galega para responder aos obxectivos de ordenación, xestión e protección, desde unha concepción de desenvolvemento sostible.

Estes instrumentos son os catálogos de paisaxes, as directrices, os estudos de impacto e integración paisaxística e os plans de acción da paisaxe en áreas protexidas.

### 3.3.1. O tratamento da paisaxe de Galicia

A paisaxe debe erixirse en elemento integrador das políticas de ordenamento territorial e urbanístico e de protección ambiental, así como en calquera política sectorial que poida producir impacto directo ou indirecto no medio. A diversidade paisaxística de Galicia, determinada pola heteroxeneidade da súa estrutura física e polos diferentes modelos de asentamento do ser humano sobre o medio, no que a dicotomía litoral interior xa marca grandes trazas diferenciais de partida, require que cada ámbito sexa obxecto dun tratamento diferenciado de forma que as diferentes actuacións sexan coherentes co ámbito no que se localizan.

A Lei de protección da paisaxe de Galicia establece no seu capítulo III os seguintes instrumentos para a correcta ordenación, xestión e protección da paisaxe:

#### A. Os catálogos da paisaxe

O seu obxectivo é delimitar as grandes áreas paisaxísticas de Galicia, identificando os tipos de paisaxe existentes en cada unha delas e as súas características diferenciais. A análise das unidades definidas incluírá, xunto coa determinación da súa xénese, unha diagnose do seu estado actual e o inventario dos valores paisaxísticos identificados. Estes catálogos deberán propor as liñas estratéxicas e os obxectivos de protección, xestión e ordenación de cada unidade, baixo as premisas dun desenvolvemento sostible. Delimitarán en cada unidade aqueles ámbitos cun especial estado de deterioración e que precisen medidas de intervención e poderán definir, igualmente, determinadas zonas como Áreas de especial interese paisaxístico.

#### B. Directrices da paisaxe

A partir dos catálogos da paisaxe determinaranse as Directrices da paisaxe que definirán e precisarán para cada unidade os obxectivos de calidade paisaxística que se pretendan alcanzar. Estas incluírán unha batería de medidas e accións específicas para acadar estes obxectivos, as normas e recomendacións para o desenvolvemento sostible do territorio, así como os indicadores que permitan avaliar o cumprimento dos anteditos obxectivos.

As directrices da paisaxe supoñen así un paso máis aló para os obxectivos máis específicos da ordenación do territorio, achegando a perspectiva global e integral da paisaxe e a visión que a propia poboación ten do seu contorno e ambiente. Desta maneira os Catálogos e as Directrices de paisaxe concíbense no seu conxunto como un instrumento normativo complementario aos instrumentos de ordenación do territorio, por canto achega uns obxectivos e disposicións baseadas nas relacións funcionais de todos os elementos estratéxicos do territorio e contribúe a unha gobernanza máis participativa.

Propónse así o reto de integrar a participación cidadá nas políticas territoriais que utilizan a paisaxe como guía. Polo tanto, é necesaria a creación dun corpo técnico autonómico que valore e integre estas achegas, e que sente as bases da aplicación da paisaxe como instrumento participativo de acción territorial.

#### C. Estudos de impacto e integración paisaxística

Estes Estudos de impacto e integración paisaxística deben incorporarse aos Estudos de impacto ambiental dos proxectos que deben someterse ao procedemento de Declaración de impacto ambiental, segundo a lexislación vixente. Estes Estudos avaliarán os impactos que os proxectos analizados poidan provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxísticas propostas polas entidades promotoras. Os Estudos de impacto e integración paisaxística incluírán unha diagnose do estado actual da paisaxe, a xustificación da asunción das directrices correspondentes á unidade de paisaxe afectada e, finalmente, os criterios e medidas adoptadas para acadar a integración paisaxística do proxecto.

Obsérvase como prioritario avanzar no establecemento dun *corpus* metodolóxico que permita a normalización destes Estudos e a súa inclusión harmónica nos Estudos de impacto ambiental.

#### D. Plans de acción da paisaxe en áreas protexidas

Estes plans axustaranse ás Directrices que afecten ao espazo protexido e incluírán unha proposta de mantemento, mellora e recuperación ou rexeneración das paisaxes presentes naquela área. Estes plans integraranse nos instrumentos de planificación e ordenación da área protexida.

Como referencia para este labor propónse que o conxunto de instrumentos de planeamento que desenvolvan as Directrices de ordenación territorial teñan en conta os seguintes elementos xenéricos de análise e diagnose paisaxística:

- A **estrutura paisaxística**, xénese das escenas que definen as paisaxes e condicionante das actividades e os asentamentos humanos, ademais da



*Sistema dunar. Concello de Ferrol*

composición textural da paisaxe. Trátase de elementos físicos da paisaxe, en ocasión non perceptibles, como os solos, a litoloxía ou o clima, e elementos visuais fundamentais, como o relevo, a configuración hidrográfica ou os elementos xeomorfolóxicos, é dicir, a composición fisiográfica.

- A **composición escénica das paisaxes**, determinada polo resultado da relación entre o ser humano e o medio, amosada polos usos do solo e a súa distribución e composición, as cores e formas dos distintos elementos e a súa disposición en relación cos elementos estruturais.
- A **dinámica da paisaxe**, entendendo que a paisaxe non é un concepto estático nin dende o punto de vista temporal nin dende o espacial, senón que constitúe un organismo vivo que recibe herdanzas do pasado e evoluciona cara a un futuro intimamente relacionado cos paradigmas

socioeconómicos imperantes; e por outra parte, que depende de políticas territoriais supranacionais e de lóxicas espaciais locais.

- A **valoración e a fragilidade das paisaxes**, nun proceso técnico de participación social controlada, no que se teñan en conta os elementos singulares e caracterizadores da paisaxe, tanto no seu compoñente estrutural como textural, con especial atención aos elementos diferenciadores dos tipos paisaxísticos. Neste sentido, deben ser abordados aqueles beneficios que a correcta conservación das paisaxes outorga ao benestar humano e á preservación dos distintos ecosistemas.

Como criterios básicos para intervir no territorio de forma coherente coa protección e mellora da paisaxe suxírense os seguintes:

- Evitar alterar a pendente natural dos terreos de modo que esta non se modifique ou quede oculta pola altura das construcións. Extremarase a adecuación á topografía do terreo tanto do perfil edificado como do parceiro, da rede de camiños e das infraestruturas lineais.
- Entender os acondicionamentos do medio non como rehabilitacións ou restauracións ambientais senón como modificacións con obxectivos de aproveitamento territorial.
- Impedir a construción sobre elementos dominantes ou nas cristas de montañas, bordos de acantilados e zonas culminantes do terreo agás nos casos de infraestruturas de utilidade pública que deban necesariamente ocupar as devanditas localizacións sen alternativas posibles. O seu carácter de prominencias topográficas, normalmente cunha morfoloxía singular que resalta a súa presenza, outórgalles un dobre interese como elementos que conforman o horizonte visual desde as zonas de cotas máis baixas e como áreas con alto potencial de vistas nas que se obteñen panorámicas únicas e que é especialmente notable no caso dos numerosos cabos e promontorios que caracterizan a paisaxe das nosas costas. Resulta necesario preservar a integridade visual destes elementos, evitando todo tipo de alteración dos seus trazos morfolóxicos e topográficos e impedindo construcións neles que alteren o seu perfil ou dificulten a súa visualización, ou accións que minoren a súa calidade paisaxística.
- Preservar os elementos topográficos preexistentes evitándose a eliminación de abas e resaltes do relevo, agás de forma puntual e coas accións de integración necesarias para non deteriorar a calidade paisaxística.
- Intentar conservar aqueles elementos propios da paisaxe tradicional construída tanto dos espazos agrarios como dos núcleos de poboación, por exemplo as construcións adxectivas, a estrutura das vivendas, as infraestruturas agrícolas como bancais e muros do parcelario.
- Procurar manter a vexetación preexistente, especialmente a arbórea e, en caso de desaparición, establecer as medidas compensatorias que permitan manter a textura e a escala de compartimentación orixinal da estrutura vexetal.
- Limitar o desenvolvemento de actuacións que dean como resultado a obstrución de vistas, especialmente as que provoquen a ocultación de elementos e escenas paisaxísticas singulares, a redución do campo visual ou a compartimentación de unidades de paisaxe preexistentes, así como a ruptura da secuencia visual que se percibe ao circular polas vías de comunicación, particularmente aquelas de carácter paisaxístico.
- Preservar os fitos e elevacións topográficas mantendo a súa visibilidade e reforzando a súa presenza como referencias visuais do territorio. Os cabos, penínsulas, e promontorios que se internan no mar son algúns dos elementos máis singulares e valiosos da paisaxe costeira de Galicia e deben ser obxecto de preservación como espazos de gozo escenográfico e como fitos de referencia da paisaxe costeira.
- Valorar a paisaxe rural tradicional galega no seu contexto socioeconómico, desenvolvendo políticas que integren a mellora da calidade de vida dos habitantes cun modelo de aproveitamento do espazo respectuoso co equilibrio ambiental.
- As medidas de integración paisaxística deberían orientarse a dar a máxima coherencia á escenografía do territorio, coidar os pequenos detalles, ocultar os elementos que restan calidade visual e realzar as vistas e elementos máis atractivos.

### 3.3.2. Xestión do cambio nas paisaxes rurais

A redución das actividades do sector primario é un proceso de relevantes repercusións na xestión do territorio e significa unha profunda transformación da paisaxe rural de Galicia. En moitas áreas a escasa produtividade agraria e o declive das poboacións rurais levou a un progresivo abandono de terras de cultivo. Debe ser un obxectivo, antes de definir os criterios e mecanismos de xestión do cambio nas paisaxes rurais, promover a protección e valorización da actividade agraria como factor de mantemento da paisaxe e naturalidade.

Orientar axeitadamente os procesos de cambio no solo rústico de Galicia configúrase como un dos grandes retos territoriais para o futuro da Comunidade.



*Termas de Outariz en Ourense*

A capacidade dos sectores produtivos implicados para adaptarse a novas estruturas económicas vai ser a clave para o mantemento de actividades e de paisaxes tradicionais en amplas zonas do territorio. A rendibilidade económica das actividades primarias é a principal garantía a longo prazo para lograr unha utilización destes espazos que evite conflitos ambientais e territoriais como están a mostrar, por exemplo, as zonas de viñedos das provincias de Pontevedra e Ourense. Existen grandes oportunidades para os espazos agrarios de

Galicia nas novas orientacións que proporcionan as producións de calidade diferenciadas e a agricultura ecolóxica, que deben impulsarse como referentes para o sector primario durante os próximos anos.

Non obstante, esta solución non vai ser sempre posible. A acción combinada da forte redución no número de activos do sector primario, a reestruturación produtiva que vai afectar a moitos terreos marxinais xunto coa presión das novas demandas que desde as zonas urbanas promoven novas formas de ocio e residencia nos espazos rurais supón a aparición tanto de riscos como de oportunidades.

Hoxe en día en Galicia estase a reducir a presión demográfica que obrigou historicamente a aproveitar para usos primarios mesmo terreos de moi escasa produtividade. Aparece polo tanto unha oportunidade para recuperar ecosistemas e paisaxes naturais desaparecidas hai tempo. Hai que evitar que se dea un amplo proceso de substitución de usos agrícolas por edificacións dispersas comprometendo as posibilidades de mellorar a paisaxe e a calidade ambiental que constitúen os recursos máis importantes das comunidades rurais na nova etapa de desenvolvemento.

En coherencia co recollido na epígrafe 2.10.1 dos Espazos rurais, o criterio xeral en relación con estes espazos debe ser realizar unha xestión activa deles, creando incentivos para a conservación e mellora dos seus recursos, mantendo as actividades agrarias na medida en que resulte factible, desenvolvendo accións de mellora ambiental e paisaxística nos terreos abandonados pola agricultura e permitindo a súa utilización para novos usos cando diso se deriven oportunidades para a conservación de trazos singulares, a mellora da percepción do territorio, a introdución de usos ou actividades innovadoras e a evolución ordenada dos espazos ata agora dedicados a funcións de produción primaria. Son imprescindibles proxectos, programas e iniciativas concretas, que definan o novo papel duns espazos que, en moitos casos, non van seguir sendo o que foron e que necesitan accións de adecuación para cumprir as novas funcións que demanda a sociedade galega de cara ao futuro.



Vila de Muros

Estas iniciativas deben apoiarse en tres criterios principais:

- A preservación dos valores naturais e paisaxísticos do territorio, evitando aqueles usos que entren en conflito con este obxectivo no caso dos recursos de maior interese ou fragilidade, asegurando a identificación do territorio galego como un espazo con importantes valores visuais e garantindo o seu mantemento como factores ao servizo da calidade de vida da poboación e da sostibilidade dos procesos de desenvolvemento.
- O establecemento dos mecanismos de ordenación que permitan traducir en dinámicas positivas os importantes cambios aos que se enfrontan moitos dos espazos agrarios da Comunidade.
- A consideración dos núcleos de poboación como elementos fundamentais da estrutura territorial cuxo desenvolvemento debe producirse con criterios de calidade e atractivo, evitando a deterioración do seu ámbito e a ocupación desordenada do solo rústico pola urbanización difusa ou pola aparición de novos núcleos e espazos urbanizados illados.

### 3.3.3. Programas de paisaxe urbana

O dinamismo urbano das últimas décadas en Galicia produciu a ruptura da morfoloxía e da imaxe tradicional de moitas das nosas cidades. Son evidentes os problemas de deterioración da paisaxe urbana, perda de identidade dos núcleos e proliferación de desenvolvementos difusos, escasa calidade de fachadas e espazos públicos, graves impactos nas periferias e ámbitos profundamente transformados por uns procesos de escaso beneficio social e territorial que provocan a súbita desaparición dos usos agrícolas que converten a contorna das cidades en zonas con escasa calidade.

As zonas máis densamente poboadas da Comunidade correspóndense con paisaxes costeiras de enorme valor e atractivo, o que fai especialmente perceptibles os procesos que as alteran.

Especialmente nas costas das Rías Baixas e dos ámbitos do Golfo Ártabro os intensos procesos de urbanización están a conducir a unha modificación

radical na que a paisaxe orixinal queda en boa medida oculta polas edificacións, principalmente vivendas unifamiliares e instalacións produtivas de diferente tipo que pasan a constituír o elemento dominante na percepción dun territorio valioso.

Requírese asumir unha nova cultura de coidado da contorna e recuperación da calidade ambiental e da imaxe das nosas cidades. Os centros urbanos son un dos puntos fortes do noso territorio como contedores do patrimonio histórico urbano e dos usos centrais. Estas calidades vense minguadas por outros aspectos como a conxestión do tráfico, unha alta densidade edificatoria sen elementos compensatorios, a heteroxeneidade tipolóxica sen planificar ou a carencia de espazos públicos para as persoas e as relacións sociais. Todos estes aspectos débense ter en conta para mellorar a imaxe das áreas urbanas e os seus aspectos de forma e estrutura.

Nos capítulos deste documento referidos ao futuro do sistema urbano fórmulanse numerosas iniciativas referidas ao tratamento e mellora de espazos e elementos críticos da imaxe urbana, como os accesos e bordos das cidades, as contornas ambientais, as fronte marítimas e as pezas emblemáticas das nosas cidades. Non obstante, é preciso complementar estas actuacións con programas especificamente dirixidos a lograr unha mellora global dos espazos urbanos e aumentar o seu atractivo como factor fundamental de calidade de vida e competitividade territorial, esencial para incorporar á vida urbana novas actividades e servizos de maior nivel e sofisticación. Para iso propónse desenvolver algúns programas que incidan en aspectos clave da imaxe das nosas cidades e que poderían aplicarse con carácter xeral nas principais Áreas urbanas, no Sistema urbano intermedio e nos Núcleos de identidade do litoral.

Unha maneira de complementar estas iniciativas céntrase na idea de reforzar e conservar a paisaxe identitaria das diferentes cidades. Isto redonda na súa calidade ambiental, entendendo este concepto como ambiente urbano de calidade. Favorecer e preservar as paisaxes diferenciais representativas das cidades, de fundamento socioeconómico e arquitectónico acompañado

pola variable histórica, dará resultados positivos na calidade escénica dos ámbitos urbanos, na mellora do benestar dos seus habitantes, no reforzo dos lazos de identidade dos residentes coa súa cidade e no reforzamento da oferta turística das entidades urbanas galegas. Os programas de intervención deben estenderse a algunhas vilas con valores interesantes.

A continuación contéplase unha breve contextualización da paisaxe urbana identitaria das Áreas urbanas e dalgunhas das vilas do Sistema de asentamentos de Galicia, con referencias para estes programas de intervención.

No caso de Ferrol, está amplamente estudada a importancia arquitectónica e urbanística en xeral que os arsenais e a construción naval tiveron no seu desenvolvemento como cidade. Toda a fronte portuaria e o barrio da Madalena, os arsenais e os estaleiros, conxunto arquitectónico proposto para Patrimonio da Humanidade, teñen unha cohesión histórica e socioeconómica que debe ser debidamente valorada e aproveitada como ferramenta de intervención urbanística na cidade, permitindo que estas actividades e a súa evolución histórica poidan constituír unha mellora social e paisaxística para o conxunto urbano.

Vigo é outro caso paradigmático. O proxecto municipal “Abrir Vigo ao mar” desvelou a necesidade de que unha cidade e os seus habitantes conectasen coa súa razón de ser. Vigo presenta unha fachada marítima centrada ao longo das avenidas do Areal e Beiramar, pero superándoas, cunha paisaxe portuario-industrial cargada de historia, presente e futuro. A gran dinámica paisaxística dos estaleiros, da lonxa, dos portos deportivos, de mercadorías e de pasaxeiros, de antigos establecementos industriais pioneiros e agora pechados, permite o desenvolvemento dunha escenografía que necesita dun plan de integración para que a calidade urbana non se vexa comprometida polas actividades portuarias e para que estas actividades se integren dende o punto de vista paisaxístico na vida da cidade sen verse condicionadas no seu latexar diario. Esta paisaxe alóngase máis alá cara ao oeste e o leste, dende A Guía ata Alcabre, constituíndo un eixo de atracción visual que é necesario valorar, acondicionar e promover.





*Vía verde de Vilaoudrig. Concello da Pontenova*

O caso da cidade de Lugo é moi diferente. Presenta unha posible marca identitaria no concepto de “paisaxe rural na cidade”, na “cidade agraria”. Esta marca vese representada nos hortos urbanos, os mercados e feiras tradicionais, o significado dos intercambios de mercadorías a través das súas murallas, a permanencia de símbolos do comercio tradicional, a agroindustria, e a imaxe gastronómica que ofrece. A cidade ten unha marcada sonda culinaria que lle outorga a imaxe da boa mesa fundamentada en excelentes produtos do campo. O programa da imaxe urbana de Lugo

como cidade agraria debe verse complementado coa identificación, recuperación e valoración de escenas da súa orla periurbana correspondentes a esta temática.

Santiago é unha cidade terciaria diversificada que acolle funcións autonómicas variadas de primeiro rango, pero non perdeu por completo o seu carácter rural, agrario, que se mesturaba coa súa importancia relixiosa. O barrio das Hortas é un bo exemplo, pois a paisaxe observable durante a súa visita

lembra os dous mundos que sostiveron a cidade durante séculos. O mercado de gando, as feiras, o tráfico de mercadorías procedentes de distintas partes do territorio galego ou o movemento agrarista desenvolvido no século XX na súa bisbarra complementan esta imaxe que debe ser complementada coa rede de camiños xacobeos que penetran polas antigas portas da muralla. Así pois, a valoración das paisaxes que identifican a Santiago van máis alá da súa zona histórica, utilizando os tramos urbanos e periurbanos dos camiños de peregrinaxe para conectar o mundo urbano co rural.

Ourense debe a súa importancia como cidade á localización xeográfica, ao seu carácter estratéxico como cidade nó de comunicacións. Demostra a súa esencia pola situación en vía romana e á beira dun río que se utilizou como vía fluvial na antigüidade. O mundo romano é, como en Lugo, sinal de identidade, como o son as augas termais. Deste xeito vanse centrando os eixos sobre os que actuar: o mundo romano, as comunicacións e a hidroloxía. E todo isto conflúe nas paisaxes ribeiráns do Miño, que deberon acoller escenas de extraordinario dinamismo ao longo da súa historia. A rehabilitación paisaxística reforzando os elementos indicadores destas variables deben ser o eixo que se siga.

A Coruña ofrece a imaxe da cidade terciaria, con mellores representacións comercial, financeira e administrativa do Estado en toda Galicia. A fachada da Mariña e o denominado Distrito Picasso ofrecen dúas épocas paisaxísticas diferentes que representan a funcionalidade comercial e financeira da cidade. A consolidación e valoración das materializacións arquitectónicas e urbanísticas desta especialización poden dar consistencia á marca sobre a que desenvolver o programa de identidade paisaxística urbana da cidade.

Pontevedra foi o burgo máis importante de Galicia no medievo debido á súa antiga gran actividade portuaria e gremial. A súa localización no contacto entre o ámbito fluvial e a ría, á vez sinalado nó de comunicacións, tivo e ten importancia no seu carácter como cidade. As consecuencias desa importancia pasada céntranse na fachada máis marítima e na zona histórica. A conexión entre ambas e a correcta interpretación paisaxística fluvio-

mariña son os eixos do plan de aproximacións ás paisaxes identitarias da vila pontevedresa.


Outras vilas e outros núcleos de Galicia merecen unha atención específica. O carácter industrioso histórico de Viveiro e Padrón-Pontecesures, coa variante da transformación dos recursos pesqueiros en Cangas; o mundo pesqueiro de vilas mariñeiras como Ribeira, Muros, A Pobra, Muxía ou Malpica; o pasado mercantil de Ribadeo; o fundamento cultural de Mondoñedo; as paisaxes ferroviarias de Monforte, son algúns exemplos de patrimonios paisaxísticos urbanos que deben ser ordenados e potenciados.

Os Programas de paisaxe urbana que se suxiren parten do convencemento de que para mellorar sensiblemente a paisaxe que percibimos das nosas cidades non é imprescindible acometer complexos e ambiciosos programas de renovación urbana. Cun esforzo económico razoable, en pouco tempo, pode transformarse de forma espectacular a imaxe que cidadáns e visitantes perciben da cidade.

Pode parecer inicialmente superficial traballar sobre os aspectos máis escenográficos da cidade, pero a experiencia internacional pon de manifesto que o esforzo colectivo por mellorar a imaxe urbana ten efectos inmediatos sobre o sentimento de identidade local, a autoestima, o aprecio polo propio e a calidade de vida, e, en consecuencia, facilita a cohesión necesaria para acometer proxectos colectivos de maior entidade.

Suxírese desenvolver algunhas “operacións piloto” de Programas de paisaxe urbana coa intención de que estas iniciativas xeren un efecto-demonstración positivo para acometer estes programas de forma máis xeneralizada en Galicia.

A clave dos Programas de paisaxe urbana é propoñer accións para o fortalecemento dos elementos físicos que definen a imaxe urbana co obxectivo de conseguir unha paisaxe máis coherente, é dicir, unha paisaxe lexible, identificable con estrutura e con significado.



## Patrimonio cultural

- conxunto histórico
  - 1 Pazo de Lancara ou Mariñán. Bergondo
  - 2 Zona antiga de Betanzos
  - 3 Casco antigo de Corcubión
  - 4 Cidade Vella da Coruña
  - 5 Barrio da Madalena. Ferrol
  - 6 Vila de Muros
  - 7 Igrexa e edificios do antigo mosteiro de San Xiao de Moraime
  - 8 Casco antigo de Noia
  - 9 Cidade de Santiago de Compostela
  - 10 Vila de Castro Rei
  - 11 Recinto do complexo siderúrxico e cerámico de Sargadelos
  - 12 Recinto intramuros da cidade de lugo
  - 13 Casco antigo de Mondoñedo
  - 14 Casco antigo de Monforte
  - 15 Poboado da vila de Portomarín
  - 16 Vila de Ribadeo
  - 17 Praza de Santa María
  - 18 Basílica da Asunción e o Castro de Armeá. Augas Santas. Allariz
  - 19 Varias zonas da Vila de Allariz
  - 20 Pobo de Pazos de Arereiro
  - 21 Casco antigo de Castro Caldelas
  - 22 Casco antigo de Ourense
  - 23 Vila de Ribadavia
  - 24 Restos do antigo mercado popular. Agolada
  - 25 Zona antiga de Baiona
  - 26 Vila de Cambados
  - 27 Ruínas arqueolóxicas de Santa Tegra
  - 28 Vila de Combarro
  - 29 Barrio antigo da cidade de Pontevedra
  - 30 Cidade de Tui
  - 31 Zona Vella de Vigo
- Concellos con ámbitos de interese patrimonio cultural
  - - - Camiño de Santiago
  - - - Ruta cultural da Ribeira Sacra

### 3.4. O PATRIMONIO CULTURAL

#### 3.4.1. A valorización dun territorio patrimonializado

Un dos maiores atractivos, xeneralizado ao longo do territorio galego, e que se manifesta mesmo en poboacións de moi escasa entidade, é o patrimonio cultural existente, destacable pola súa abundancia, variedade e ampla dispersión xeográfica, así como pola vinculación á paisaxe que o rodea. Poderíase dicir que o territorio de Galicia está enormemente patrimonializado, como se dun inmenso museo ao descuberto se tratara.

O patrimonio cultural de Galicia comprende os bens mobles, inmobles e inmateriais de interese artístico, histórico, arquitectónico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico e técnico, ademais do patrimonio documental e bibliográfico, os conxuntos urbanos, os lugares etnográficos, os xacementos e zonas arqueolóxicas, así como os lugares naturais, xardíns e parques que teñan valor artístico, histórico ou antropológico, todos os cales en conxunto, conforman as características específicas da cultura galega e acadan un enorme valor como testemuño e herdanza da súa Historia.

O concepto de ben patrimonial e cultural está ligado ao feito de que debe ser coñecido e mesmo utilizado con carácter público, o que leva de seu ademais un inescusable deber de conservación con independencia da súa titularidade pública ou privada. Así pois, é obriga de toda sociedade, individual e colectivamente, conservar e protexer o Patrimonio cultural para o seu mellor coñecemento e difusión, e porque nel se xuntan dous aspectos ou valores fundamentais: primeiro, como documento e información histórica de todo tipo e de calquera época, o que ten unha transcendencia científica, educativa e social innegable; e segundo, pero non menos importante, como conxunto de bens herdados, como verdadeiros bens patrimoniais, que poden ser gozados e utilizados por toda a comunidade social —tanto a propia como a que vén de fóra— para usos didácticos, turísticos, sociais, de lecer, etc.

A Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia é o referente normativo para acadar a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, así como a súa investigación e transmisión a xeracións futuras. Con este obxectivo creáronse tres categorías de bens definidoras da incidencia que cada un deles tivo no patrimonio de Galicia, e que en conxunto configuran o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia:

Bens declarados de interese cultural (BIC); representan o máis destacable dos bens mobles, inmobles e inmateriais, e á súa vez poden pertencer a algunha das seguintes categorías: Monumento, Conxunto histórico, Xardín histórico, Sitio ou Territorio histórico, Zona arqueolóxica, Lugar de interese etnográfico, Zona paleontolóxica e os seus subsolos.

Bens catalogados; aqueles que, sen chegar a ser declarados de interese cultural, pola súa singularidade chegan a definir un territorio.

Bens inventariados; aqueles que merecen ser conservados.

A propia existencia dun patrimonio tan abundante como o de Galicia, unida á súa dispersión xeográfica e á baixa densidade de poboación nalgunhas zonas do seu territorio, son en parte a causa de que moitos dos elementos patrimoniais quedaran esquecidos, carezan de protección ou permanezan á marxe de calquera función. Iso implica a inmovilización dun capital que, axeitadamente utilizado, contén un enorme valor. A falta de uso actual supón un risco moi elevado para a súa conservación. A experiencia demostra que a perda de utilidade é o paso previo que conduce á desaparición. Sen unha función que desenvolver e un interese directo que permita financiar a súa conservación, resultará imposible o mantemento dun patrimonio tan amplo.

Desta forma, resulta prioritario desenvolver ao máximo o coñecemento do territorio, para poder identificar e caracterizar estes bens e así poder facer posible a súa protección, a toma de conciencia e valorización, e o seu uso. Neste senso no anexo IV destas Directrices recóllense aqueles Ámbitos de



*Muralla romana de Lugo*

interese do patrimonio cultural de Galicia, que comprenden aqueles bens de interese cultural cunha maior incidencia territorial na escala global de Galicia, e os cales foron achegados polo órgano competente na materia.

Os instrumentos de ordenación do territorio e do urbanismo contribuirán na tarefa do recoñecemento dos posibles valores patrimoniais culturais presentes nos seus ámbitos territoriais, coa realización de análises e propostas de elementos e ámbitos que poidan ser incluídos no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, como instrumento no que deben converxer todos os instrumentos de planificación con incidencia sobre o territorio.

Unha vez coñecidos e protexidos os bens, a soa conservación non é suficiente. No caso dos procesos de rehabilitación non sempre se producen de forma espontánea, xa que os recursos necesarios para iso son limitados. O obxectivo debe ser crear as condicións para que a conservación deste patrimonio non sexa só o resultado de posibles iniciativas espontáneas, senón que se xustifique polas funcións e beneficios que xera a súa valorización. Atopar novas funcións para os Conxuntos históricos e para os valiosos elementos singulares do patrimonio cultural de Galicia constitúe un reto prioritario. Con dito obxectivo e para unha xestión dos recursos eficiente, considerarase unha valoración da prioridade da rehabilitación dos elementos, conxuntos ou lugares que permita o desenvolvemento dunha acción selectiva e planificada.

No mapa adxunto identifícanse os 31 Conxuntos históricos catalogados en Galicia, os itinerarios do Camiño de Santiago, así como aqueles concellos nos que figuran os Ámbitos de interese do patrimonio cultural relacionados no Anexo IV.

### 3.4.2. Os Conxuntos históricos

Os Conxuntos históricos das cidades galegas constitúen espazos de enorme calidade e atractivo. Achéganlles unha gran singularidade aos centros urbanos e proporcionanlles algúns dos seus sinais de identidade máis característicos.

O aproveitamento destes elementos debe xurdir dunha nova actitude cara aos conxuntos históricos que permita a súa valorización, deseñando accións que doten de vitalidade estes espazos e os fagan atractivos como ámbitos de residencia e actividade. Só desta forma será posible xerar os recursos necesarios para a conservación dos centros históricos das nosas cidades.

Os Conxuntos históricos deben desenvolver un papel activo como espazos que dotan a cidade dun valor engadido, formando parte do conxunto da vida cidadá e repercutindo favorablemente no desenvolvemento global da cidade. A vitalidade que as actividades universitarias, comerciais, administrativas e turísticas outorgan ao centro de Santiago constitúe un bo exemplo neste sentido.

Iso esixe actuar dentro dos propios conxuntos, rehabilitando vivendas, localizando equipamentos e servizos, deseñando espazos comerciais e terciarios e definindo unha estratexia de tráfico acorde coas súas características, á vez que se garante a mobilidade necesaria para manter a súa vitalidade. Estas accións só son viables e efectivas dentro de estratexias máis amplas, que abrangan o espazo urbano no seu conxunto, e definindo un modelo de cidade coherente, no que moitas das necesidades dos Conxuntos históricos se deben resolver mediante accións noutras zonas da cidade.

As experiencias de Santiago, Pontevedra e Ourense na revitalización do seu centro histórico constitúe un enorme activo de Galicia que debe proporcionar pautas e referencias para outras cidades e espazos da Comunidade.

### 3.4.3. Redes e rutas culturais

Nas zonas rurais do interior de Galicia, as actividades turísticas configúranse como unha das opcións de futuro máis interesantes. Nestes ámbitos, o riquísimo patrimonio disperso de pazos, mosteiros, castelos e outros edificios singulares ofrece inmejorables oportunidades para consolidar unha oferta de acollida turística singular e de calidade. Con frecuencia poderán utilizarse certos edificios rehabilitados para usos lucrativos, co obxecto de



*Camiño da Vía da Prata ao seu paso polo Castro (Laza).*

poder financiar os custosos labores de restauración, que en todo caso se realizarán baixo as premisas de protección, conservación e difusión dos valores presentes neses elementos.

O proceso de recuperación e valorización do patrimonio monumental galego pasa así a formar parte das estratexias de desenvolvemento territorial. A restauración de elementos patrimoniais debe permitir tamén ofertar edificios de singular valor e atractivo para o desenvolvemento de actividades innovadoras nestas zonas, promovendo iniciativas empresariais ligadas á súa rehabilitación e mantemento.

Esta estratexia de reutilización ten que ser o máis ampla posible. Debe involucrar, en primeiro lugar, as propias Administracións públicas que, en canto que constitúen o soporte da imaxe institucional de Galicia, deben ser as primeiras en actuar neste sentido. Ademais, hai que incorporar a iniciativa privada. Para iso é imprescindible facilitar a información necesaria e xestionar o destino futuro deste patrimonio de forma imaxinativa, flexible e eficaz.

A dispersión dos activos patrimoniais no territorio de Galicia formula a necesidade de deseñar redes rexionais e comarcais que permitan estratexias coa suficiente entidade como para proxectarse cara ao exterior. Así, o establecemento de redes de castelos, mosteiros, pazos, balnearios, etc., permite deseñar unha estratexia con maior potencial que as iniciativas illadas. Nesta liña de traballo un bo exemplo é a Rede galega do patrimonio arqueolóxico como un elemento estratéxico que se está a promover dende a Administración autonómica.

O potencial destas iniciativas refórzase ao considerar a existencia de complementariedades e oportunidades con outros elementos de atracción que existen no territorio, logrando que unha única oferta englobe diversos produtos, aumentando a súa eficacia na dinamización dos espazos fráxiles da Comunidade: rutas turísticas, núcleos de acceso ao territorio, aloxamentos singulares, segunda residencia en núcleos existentes, etc.

Os activos patrimoniais son un factor fundamental de atracción e un elemento de localización prioritario de servizos, residencia, aloxamento e ac-



*Camiño Francés*

tividades en xeral. O concepto de rede, organizada e xestionada de forma conxunta e que incorpora elementos patrimoniais, ambientais, servizos, actividades e núcleos de poboación, é básico nesta estratexia que debe abranger o patrimonio cultural no seu sentido máis completo, é dicir, os bens culturais mobles e inmobles declarados, catalogados e inventariados, pero tamén o inxente patrimonio inmaterial e etnográfico como a artesanía, as tradicións e festas locais, así como os núcleos de poboación tradicionais, con edificacións e tramas urbanas propias da arquitectura popular de cada zona, ou as industriais e estruturas produtivas e representativas das tecnoloxías doutros tempos.

#### **3.4.4. Os Camiños de Santiago**

Os Camiños de Santiago constitúen un activo singular da oferta patrimonial de Galicia. O Camiño de Santiago é un dos Itinerarios europeos de interese cultural, da importancia do cal é boa proba o gran número de peregrinos que anualmente o percorren e o éxito dos anos Xacobeos. A relevancia do Camiño de Santiago supera o ámbito autonómico e mesmo o estatal. Xunto ao propio significado do Camiño, destacan o seu ámbito paisaxístico, os núcleos que atravesa, os elementos arquitectónicos monumentais neles situados e calquera outro elemento protexido ou merecente de protección, como os arqueolóxicos. O Camiño de Santiago presenta na actualidade algúns problemas de deterioración. Nalgunhas zonas perdeuse o seu trazado polo aproveitamento de cultivos ou a superposición de estradas, non está axeitadamente sinalizado ou presenta cruzamentos perigosos que en conxunto reducen os atractivos para a súa utilización.

É importante actuar nos diferentes itinerarios do Camiño que percorren toda Galicia eliminando degradacións, sinalizándoos axeitadamente e adecuándoos dende o punto de vista funcional, paisaxístico e ambiental e de servizos para que actúen como eixos estruturantes das rutas turísticas no ámbito da Comunidade Autónoma, proporcionando un soporte con enorme potencial para activar o patrimonio de cidades e zonas rurais e integralo en produtos turísticos recoñecibles e comercializables.